





# O Galego nas TIC

## Edición 2023



AXENCIA PARA A  
MODERNIZACIÓN  
TECNOLÓXICA DE GALICIA



Edita: Xunta de Galicia  
Consellería de Facenda e Administración Pública  
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela  
Ano: 2024

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons  
Atribución: Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)  
Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

# Contidos

|                                                                                                        |    |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| 1. Presentación                                                                                        | 4  |
| 1.1. Presentación                                                                                      | 5  |
| 1.2. Uso do galego e uso da tecnoloxía no 2023                                                         | 6  |
| 2. Uso do galego nas TIC                                                                               | 8  |
| 2.1. Uso do Galego nas TIC: evolución 2013-2023                                                        | 9  |
| 2.2. Uso do Galego nas TIC                                                                             | 11 |
| 2.3. Uso do galego nas TIC: navegar por internet                                                       | 13 |
| 2.4. Uso do galego nas TIC: navegar por páxinas web en que se pode elixir acceso en galego ou castelán | 16 |
| 2.5. Uso do galego nas TIC: participar en Redes Sociais                                                | 19 |
| 2.6. Uso do galego nas TIC: ver contidos audiovisuais a través de internet                             | 22 |
| 2.7. Uso do galego nas TIC: ler periódicos galegos por internet                                        | 25 |
| 2.8. Uso do galego nas TIC: idioma que usa na banca electrónica                                        | 28 |
| 2.9. Uso do galego nas TIC: idioma que usa na administración Electrónica                               | 31 |
| 2.10. Uso do galego nas TIC: preferencias da poboación                                                 | 34 |
| 3. Conclusións                                                                                         | 39 |



# 1. Presentación

# 1.1 Presentación

Estudo realizado polo Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)** da Xunta de Galicia a partir dos resultados da Enquisa da Sociedade da Información nos Fogares Galegos 2023.

**Marco estratéxico:** Estratexia Galicia Dixital 2030



## OBXECTIVOS

- ✓ Coñecer o nivel de uso do idioma galego nas TIC por parte da poboación galega de 5 e máis anos, incluíndo as principais actividades mediante dispositivos dixitais e en liña.
- ✓ Analizar o uso do galego nas TIC en función das características sociodemográficas dos individuos.
- ✓ Avaliar a oferta de recursos galegos nas TIC.

o *Nota metodolóxica: as gráficas evolutivas con comparacións de edicións anteriores da enquisa fanse só para maiores de 15 anos, colectivo para o que se dispón de información.*

# 1.2 Uso xeral do Galego no 2023

## Uso xeral do galego na sociedade no 2023

Segundo a "Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego" realizada polo IGE no 2023, o 24,4% da poboación galega de 5 e máis anos fala sempre en galego. Esta porcentaxe é 6,2 puntos porcentuais inferior á de 2018. No 2023, a porcentaxe de poboación que fala máis galego que castelán permanece estable respecto a 2018, acadando o 21,9%. Sumando as dúas categorías, os que falan "máis ou só galego" pasaron do 52,3% ao 46,3%.


O uso do galego está estendido no ámbito familiar, onde o 38,4% da poboación de Galicia que ten fillos ou fillas fálalles en galego sempre, o 35,5% sempre en castelán, o 13,8% máis castelán que galego e o 10,5% máis galego que castelán.

No ámbito laboral a porcentaxe de poboación ocupada que fala sempre en galego descende ao 22,4% e o 21,5% utiliza máis galego que castelán.


O 39,7% da poboación galega con fillos en idade escolar comunícase co profesorado exclusivamente en castelán e o 36% sempre utiliza este idioma cos especialistas sanitarios.

Segundo se desprende da enquisa, só o 18,6% da poboación galega de 16 ou máis anos ve a televisión sempre en galego ou máis en galego que en castelán, mentres que o 34,4% sempre ve a televisión en castelán.

## Evolución da porcentaxe de persoas segundo a lingua na que falan habitualmente



## Persoas segundo a lingua na que falan habitualmente por idade



# 1.2 Uso xeral das tecnoloxías no 2023

## Principais características da dixitalización nos fogares galegos no 2023



Tal e como se recolle no estudo "Galicia. A nosa vida en dixital. A Sociedade da Información nos fogares galegos. Edición 2023, o 94,3% dos fogares galegos con persoas de 16 a 74 anos contan con internet contratado, cun incremento do 1,7% respecto a 2022.

O dispositivo electrónico máis estendido entre os galegos/as é o teléfono móbil con capacidade de acceso a Internet (smartphone): o 92,6% da poboación emprega un smartphone. Este aparello ten un uso universal nas persoas de 16 a 44 anos mentres que para os maiores de 65 anos o uso é do 70,3%.



No 2023, os usuarios de Internet nos últimos tres meses en Galicia acadan 91,5% (+2,5% respecto ao ano anterior).


En termos absolutos, 1.807.980 persoas de 16 a 74 anos utilizaron Internet nos últimos tres meses, o que supón un incremento de 70.070 internautas nos últimos catro anos.

As actividades máis habituais de galegos e galegas en internet son usar mensaxería instantánea (98,5%), buscar información sobre bens e servizos (88,6%), usar o correo electrónico (86,6%), ler noticias, xornais ou revistas en liña (81,7%), telefonar por internet/videoconferencia (79,6%), e usar banca electrónica (78,4%).



## Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses Evolución Galicia


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE 2023

## Servizos de Internet utilizados polos internautas

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)






## 2. Uso do Galego nas TIC

## 2.1. Uso do Galego nas TIC: evolución 2013-2023 (persoas de 16 ou máis anos)


Persoas que utilizan sempre o galego ou máis galego ca castelán para navegar por internet

(% sobre o total de persoas 16 e máis anos que navegan por Internet)



Persoas que escollen sempre o galego ou máis galego ca castelán para navegar por internet cando é posible elixir

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que navegan por Internet)



A pesares do descenso xeral do uso do galego na sociedade, aumenta o seu uso xeral en internet, cando se trata de visitar páxinas web.

Ao longo do informe debullaremos este fenómeno, que pode que estea influído por factores como:

- Máis recursos web dispoñibles en galego.
- Aumento do uso da administración electrónica.
- Maior acceso á rede das poboacións que máis falan galego: rurais e de maior idade.

## 2.1. Uso do Galego nas TIC: evolución 2013-2023 (persoas de 16 ou máis anos)


Persoas que utilizan sempre o galego ou máis galego ca castelán para participar nas redes sociais

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que navegan por Internet)



Persoas as que lles gustaría que houboese máis contidos en galego para navegar por internet

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que navegan por Internet)




Cando se trata de usar internet principalmente para xerar, ver ou compartir contidos particulares (redes sociais), o descenso no uso do galego é claro, quedando no 17,4% en 2023.

Con todo, a poboación que desexa que haxa máis contidos en galego en internet segue a ser maioritaria, co 51,5%. Este indicador nunca foi interior ao 50% dende que se mide.

## 2.2. Uso do Galego nas TIC

### Uso do Galego<sup>1</sup> nas TIC. Persoas que usan sempre galego ou máis galego ca castelán para:

(% sobre o total de persoas de 15 e máis anos que navegan por Internet)



O uso do galego entre os internautas presenta un crecemento relativo do 31,4% nos últimos cinco anos acadando o 6,7% no 2023 fronte ao 5,1% en 2018. O uso do galego está máis presente cando falamos só de páxinas que permiten elixir o idioma (18,1%)

Aumenta o uso do galego en actividades como comunicarse coa administración electrónica (17,7%) e na participación nas redes sociais (16,9%).

É moi residual o uso do galego para ver contidos audiovisuais a través de Internet, só utilizado polo 3,4% da poboación galega de 15 e máis anos que navegan por Internet, este feito está en estreita relación coa dispoñibilidade de contidos na nosa lingua a través destas plataformas.

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)


Nota: os datos fan referencia á poboación de 15 ou máis anos que navega por internet.

<sup>1</sup>Persas que utiliza sempre galego e máis galego ca castelán

## 2.2. Uso do Galego nas TIC

### Uso do galego en internet <sup>1</sup> segundo as persoas que falan máis galego ca castelán

(% sobre o total de persoas de 15 e máis anos que navegan por Internet)



Medimos agora o uso do galego en internet segundo a lingua de uso habitual do galego noutros ámbitos. A porcentaxe de persoas que utilizan o galego duplícase entre as persoas que falan máis galego que castelán.

Entre a poboación galega que fala máis galego que castelán, o 15,3% navega por internet, 8,6 puntos porcentuais máis que cando só se contempla a toda a poboación independentemente da a súa lingua.

Novamente o uso do galego está máis presente cando se participa nas redes sociais (42,8%) nas web en que se pode elixir o idioma de acceso á navegación (37,6%) e na administración electrónica (34,6%).

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)


Nota: os datos fan referencia á poboación de 15 ou máis anos que navega por internet.

<sup>1</sup>Persoas que utiliza sempre galego e máis galego ca castelán

## 2.3 Uso do galego nas TIC: navegar por internet


### Lingua para navegar por internet

(% sobre o total de persoas de 5 e máis anos que navegan por Internet)



### Lingua para navegar por internet as persoas que falan máis galego ca castelán

(% sobre o total de persoas de 5 e máis anos que navegan por Internet e falan máis galego ca castelán)



Entre os galegos /as maiores de 5 anos que navegan por Internet, o idioma preferente é o castelán. Utiliza máis galego que castelán o 6,3% do total e o 15,2% das persoas que habitualmente falan nesta lingua.


Fonte: OSIMGA + IGE (2023)  
Non se inclúe "Outras situacións" ("Galego/castelán e outras linguas" e "Outras linguas/linguaxe de signos") por falta de tamaño de mostra.

## 2.3 Uso do galego nas TIC: navegar por internet

### Persoas que utilizan máis galego que castelán para navegar por internet segundo as características socio demográficas


#### Segundo xénero

(% sobre o total de persoas de 5 e máis anos que navegan por Internet)



#### Segundo idade

(% sobre o total de persoas de 5 e máis anos que navegan por Internet)



#### Segundo nivel de estudos

(% sobre o total de persoas de máis de 15 anos que navegan por Internet)



No 2023 son os homes, e as persoas con idades comprendidas entre os 25 e 34 anos e dos 40 aos 44 anos, os que máis utilizan o galego cando navegan por internet. Os que menos o usan en internet están nas idades máis novas, menores de 20.



Os galegos/as que teñen menos estudos e ocupados dentro do mercado laboral son os que máis utilizan a lingua galega na navegación por internet acadando un 7,9% do uso nos galegos/as con estudos de secundaria ou inferior e o 7,3% das persoas ocupadas.


Se temos en conta as características territoriais, o galego na rede é mais empregado nos concellos galegos de menor tamaño.

## 2.3 Uso do galego nas TIC: navegar por internet

### Persoas que utilizan máis galego ca castelán para navegar por internet segundo as características sociodemográficas


#### Segundo situación laboral

(% sobre o total de persoas de máis de 15 anos que navegan por Internet)




#### Segundo provincia de residencia

(% sobre o total de persoas de 5 e máis anos que navegan por Internet)




#### Segundo nivel de ingresos

(% sobre o total de persoas de 5 e máis anos que navegan por Internet)



#### Segundo tamaño do municipio de residencia


(% sobre o total de persoas de 5 e máis anos que navegan por Internet)



## 2.4 Uso do galego nas TIC: navegar por páxinas web en que se pode elixir acceso en galego e castelán


Lingua que usa para navegar por páxinas web nas que se pode elixir acceso en galego e castelán

(% sobre o total de persoas de 5 e máis anos que navegan por Internet)



Lingua que usan para navegar por páxinas web nas que se pode elixir acceso en galego e castelán as persoas que falan máis galego ca castelán

(% sobre o total de persoas de 5 e máis anos que navegan por Internet e falan máis galego ca castelán)



O uso do galego está condicionado pola oferta en Internet nesta lingua. Cando a persoa ten opción de elixir a lingua, o 17,3% utiliza o galego sempre ou máis galego que castelán.


Esta porcentaxe duplícase entre os galego falantes acadando o 37,4%.

## 2.4 Uso do galego nas TIC: navegar por páxinas web en que se pode elixir acceso en galego ou castelán

Persoas que utilizan máis galego ca castelán para navegar por páxinas web nas que se pode elixir acceso en galego ou castelán segundo as características sociodemográficas


### Segundo xénero

(% sobre o total de persoas de 5 e máis anos que navegan por Internet)



### Segundo idade

(% sobre o total de persoas de 5 e máis anos que navegan por Internet)



### Segundo nivel de estudos

(% sobre o total de persoas de máis de 15 anos que navegan por Internet)



O uso do galego cando a páxina web ten a posibilidade de elixir está relacionada coas habilidades dixitais da poboación. Os valores por enriba do 20% están entre os 20 e os 44 anos e tamén na educación superior.



O uso do galego onde se pode elixir a lingua na que se quere navegar é mais común entre as persoas ocupadas e cun nivel de ingresos superior.


Trátase de tendencias algo diferentes ao uso xeral do galego na rede. O que repite a tendencia no uso xeral de internet é que nos concellos pequenos úsase máis o galego en internet ca nos grandes.

## 2.4 Uso do galego nas TIC: navegar por páxinas web en que se pode elixir acceso en galego ou castelán

Persoas que utilizan máis galego que castelán para navegar por páxinas web nas que se pode elixir acceso en galego ou castelán segundo as características sociodemográficas


### Segundo situación laboral

(% sobre o total de persoas de máis de 15 anos que navegan por Internet)




### Segundo provincia de residencia

(% sobre o total de persoas de 5 e máis anos que navegan por Internet)




### Segundo nivel de ingresos

(% sobre o total de persoas de 5 e máis anos que navegan por Internet)



### Segundo tamaño do municipio de residencia


(% sobre o total de persoas de 5 e máis anos que navegan por Internet)



# 2.5 Uso do galego nas TIC: participar en Redes Sociais


## Lingua que usa para participar en redes sociais

(% sobre o total de persoas de 5 e máis anos que navegan por Internet)



## Lingua que usan para participar en redes sociais as persoas que falan máis galego ca castelán

(% sobre o total de persoas de 5 e máis anos que navegan por Internet e falan máis galego ca castelán)



Os datos correspondentes á lingua empregada nas redes sociais, onde o idioma de conversa é fixado por cada persoa e non depende tanto dos recursos da propia plataforma, amosan que máis da metade dos internautas galegos maiores de 5 anos utilizan o castelán “sempre” cando participan nelas.


Aquelas persoas que usan o galego en exclusiva ou de forma maioritaria representan o 4,6% e o 12,4% respectivamente.

## 2.5 Uso do galego nas TIC: participar en Redes Sociais

### Persoas que utilizan máis galego que castelán para participar en redes sociais segundo as características sociodemográficas


#### Segundo xénero

(% sobre o total de persoas de 5 e máis anos que navegan por Internet)



#### Segundo idade

(% sobre o total de persoas de 5 e máis anos que navegan por Internet)



#### Segundo nivel de estudos

(% sobre o total de persoas de máis de 15 anos que navegan por Internet)



O uso do galego nas redes sociais non ten un patrón moi definido segundo a as características sociodemográficas da poboación internauta. Os internautas galegos que teñen entre 30 e 34 anos, seguidos dos de 55 a 64 anos e os menores de 9 anos son os que máis utilizan o galego nas redes, superando o 19%.


Novamente o maior uso do galego esta condicionado polo tamaño do concello de residencia, a ocupación e o nivel de estudos: O 32% da poboación que reside en concellos de menos de 10.000 habitantes, os que están dentro do mercado laboral, e teñen estudos de secundaria ou inferior son os internautas que máis utilizan o galego cando manexan as redes sociais.

## 2.5 Uso do galego nas TIC: participar en Redes Sociais

Persoas que utilizan máis galego que castelán para participar en redes sociais segundo as características sociodemográficas


### Segundo situación laboral

(% sobre o total de persoas de máis de 15 anos que navegan por Internet)




### Segundo provincia de residencia

(% sobre o total de persoas de 5 e máis anos que navegan por Internet)




### Segundo nivel de ingresos

(% sobre o total de persoas de 5 e máis anos que navegan por Internet)



### Segundo tamaño do municipio de residencia


(% sobre o total de persoas de 5 e máis anos que navegan por Internet)



## 2.6 Uso do galego nas TIC: ver contidos audiovisuais a través de internet


Lingua que usa para ver contidos audiovisuais a través de internet en plataformas gratuítas ou de pago

(% sobre o total de persoas de 5 e máis anos que navegan por Internet)



Lingua que usan para ver contidos audiovisuais a través de internet en plataformas gratuítas ou de pago as persoas que falan máis galego ca castelán

(% sobre o total de persoas de 5 e máis anos que navegan por Internet e falan máis galego ca castelán)



O castelán é a lingua predominantemente utilizada polos internautas galegos maiores de 5 anos para ver contidos audiovisuais a través de Internet. Neste caso podemos dicir que o galego ten un uso residual, só un 3,4% da poboación usa o galego para ver este tipo de contidos e entre os galego falantes esta porcentaxe se incrementa ata acadar o sería 8,5%.

Esta práctica está en estreita relación coa dispoñibilidade de contidos nesta lingua que aínda son escasos segundo diversos estudos coma o proxecto "[European Language Equality \(ELE\)](#)".

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)


Non se inclúe "Outras situacións" ("Galego/castelán e outras linguas" e "Outras linguas/linguaxe de signos") por falta de tamaño de mostra.

# 2.6 Uso do galego nas TIC: ver contidos audiovisuais a través de internet

Persoas que utilizan máis galego que castelán para ver contidos audiovisuais a través de internet en plataformas gratuítas ou de pago segundo as características socio demográficas


## Segundo xénero

(% sobre o total de persoas de 5 e máis anos que navegan por Internet)



## Segundo idade

(% sobre o total de persoas de 5 e máis anos que navegan por Internet)



## Segundo nivel de estudos

(% sobre o total de persoas de máis de 15 anos que navegan por Internet)



O uso do galego para ver contidos audiovisuais por internet é superior nas provincias do interior, a provincia de Lugo acada o 4,6%, e lidera o uso do galego na práctica totalidade dos indicadores consultados.

Entre os internautas galegos, son os homes e a poboación que ten entre os 20 a 44 anos, e os 55 a 59 anos, os que destacan pola elección do galego para ver contidos audiovisuais.

Entre os galegos maiores de 15 anos os que teñen educación superior e están ocupados dentro do mercado laboral son os que elixen en maior medida o idioma galego para o consumo de contidos audiovisuais a través de internet en plataformas gratuítas ou de pago.




## 2.6 Uso do galego nas TIC: ver contidos audiovisuais a través de internet

Persoas que utilizan máis galego que castelán para ver contidos audiovisuais a través de internet en plataformas gratuítas ou de pago segundo as características socio demográficas


### Segundo situación laboral

(% sobre o total de persoas de máis de 15 anos que navegan por Internet)




### Segundo provincia de residencia

(% sobre o total de persoas de 5 e máis anos que navegan por Internet)




### Segundo nivel de ingresos

(% sobre o total de persoas de 5 e máis anos que navegan por Internet)



### Segundo tamaño do municipio de residencia


(% sobre o total de persoas de 5 e máis anos que navegan por Internet)



## 2.7 Uso do galego nas TIC: ler periódicos galegos por internet


### Lingua que usa para ler periódicos galegos por internet

(% sobre o total de persoas de 15 e máis anos que navegan por Internet)



### Lingua que usan para ler periódicos galegos por internet as persoas que falan máis galego ca castelán

(% sobre o total de persoas de 15 e máis anos que navegan por Internet e falan máis galego ca castelán)



O castelán segue sendo a lingua máis utilizada polos internautas galegos de máis de 15 anos para consultar a prensa galega por internet, sexan ou non galego falantes.

Desta maneira si o 11,6% dos galegos/as maiores de 15 anos que navegan por internet elixen o galego para ler periódicos online, se son galego falantes esta porcentaxe incrementase ata acadar o 25,2%.

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Nota: os datos fan referencia á poboación de 15 ou máis anos que navega por internet.


Non se inclúe "Outras situacións" ("Galego/castelán e outras linguas" e "Outras linguas/linguaxe de signos") por falta de tamaño de mostra.

# 2.7 Uso do galego: ler periódicos galegos por internet

Persoas que utilizan máis galego que castelán para ler periódicos galegos por internet segundo as características socio demográficas


## Segundo xénero

(% sobre o total de persoas de 15 e máis anos que navegan por Internet)



## Segundo idade

(% sobre o total de persoas de 15 e máis anos que navegan por Internet)



## Segundo nivel de estudos

(% sobre o total de persoas de máis de 15 anos anos que navegan por Internet)



O uso do galego para ler a prensa é superior na provincia de Lugo (12,1%), os concellos de menos de 10.000 habitantes (14,3%), os homes (10,7%), os internautas de 20 a 44 anos, aqueles galegos/as que teñen educación superior (11,3%) e os que están ocupados, dentro do mercado laboral (10,4%).


Observamos aquí unha tendencia similar á do idioma que se escolle “nas páxinas que permiten elixir o idioma”.

# 2.7 Uso do galego: ler periódicos galegos por internet

## Persoas que utilizan máis galego que castelán para ler periódicos galegos por internet segundo as características socio demográficas


### Segundo situación laboral

(% sobre o total de persoas de máis de 15 anos que navegan por Internet)




### Segundo provincia de residencia

(% sobre o total de persoas de 15 e máis anos que navegan por Internet)




### Segundo nivel de ingresos

(% sobre o total de persoas de 15 e máis anos que navegan por Internet)



### Segundo tamaño do municipio de residencia


(% sobre o total de persoas de 15 e máis anos que navegan por Internet)



## 2.8 Uso do galego nas TIC: lingua que usa na banca electrónica


### Lingua que usa na banca electrónica

(% sobre o total de persoas de 15 e máis anos que navegan por Internet)



### Lingua que usan na banca electrónica as persoas que falan máis galego ca castelán

(% sobre o total de persoas de 15 e máis anos que navegan por Internet e falan máis galego ca castelán)



O 74,8% dos internautas galegos utilizan exclusivamente o castelán cando usan a banca electrónica, o uso do galego acada o 11,4% para o total de internautas maiores de 15 anos e incrementase ata o 22,7% se estes son galego falantes.

Neste indicador, ao igual que ocorría cos contidos audiovisuais, tamén inflúe o feito de que as aplicacións ou webs bancarias teñan esta posibilidade ademais das destrezas da poboación para elixir o idioma.


Fonte: OSIMGA + IGE (2023)  
Nota: os datos fan referencia á poboación de 15 ou máis anos que navega por internet.  
Non se inclúe "Outras situacións" ("Galego/castelán e outras linguas" e "Outras linguas/linguaxe de signos") por falta de tamaño de mostra.

## 2.8 Uso do galego nas TIC: lingua que usa na banca electrónica

Persoas que utilizan máis galego que castelán na banca electrónica segundo as características socio demográficas


### Segundo xénero

(% sobre o total de persoas de 15 e máis anos que navegan por Internet)



### Segundo idade

(% sobre o total de persoas de 15 e máis anos que navegan por Internet)



### Segundo nivel de estudos

(% sobre o total de persoas de máis de 15 anos que navegan por Internet)



O uso do galego na banca electrónica é mais común entre os homes (12,7%), con maior nivel educativo (12,2%), os que teñen idades comprendidas entre os 20 e 44 anos e residen en concellos con o menos de 10.000 habitantes ou entre 10.000 e 20.000 habitantes (17,5% e 15,7% respectivamente).


Neste caso o uso máis elevado da provincia de Lugo é, co 22,4%, máis destacado que no resto de indicadores.

## 2.8 Uso do galego nas TIC: Lingua que usa na banca electrónica

### Persoas que utilizan máis galego que castelán na banca electrónica segundo as características socio demográficas


#### Segundo situación laboral

(% sobre o total de persoas de máis de 15 anos que navegan por Internet)




#### Segundo provincia de residencia

(% sobre o total de persoas de 15 e máis anos que navegan por Internet)




#### Segundo nivel de ingresos

(% sobre o total de persoas de 15 e máis anos que navegan por Internet)



#### Segundo tamaño do municipio de residencia


(% sobre o total de persoas de 15 e máis anos que navegan por Internet)



## 2.9 Uso do galego nas TIC: Lingua que usa na administración electrónica


### Lingua que usa na administración electrónica

(% sobre o total de persoas de 15 e máis anos que navegan por Internet)



### Lingua que usan na administración electrónica as persoas que falan máis galego ca castelán

(% sobre o total de persoas de 15 e máis anos que navegan por Internet e falan máis galego ca castelán)



O 62,6% dos internautas galegos utilizan sempre o castelán cando se comunican coa administración electrónica, o uso do galego acada o 17,7% para o total de internautas maiores de 15 anos e incrementábase ata o 34,7% se estes son galego falantes.

O feito de que se poida elixir o idioma nas webs en moitas das administracións inflúen neste indicador.

Fonte: OSIMGA + IGE (2023)

Nota: os datos fan referencia á poboación de 15 ou máis anos que navega por internet.


Non se inclúe "Outras situacións" ("Galego/castelán e outras linguas" e "Outras linguas/linguaxe de signos") por falta de tamaño de mostra.

## 2.9 Uso do galego nas TIC: Lingua que usa na administración electrónica

### Persoas que utilizan máis galego que castelán na administración electrónica segundo as características socio demográficas


#### Segundo xénero

(% sobre o total de persoas de 15 e máis anos que navegan por Internet)



#### Segundo idade

(% sobre o total de persoas de 15 e máis anos que navegan por Internet)



#### Segundo nivel de estudos

(% sobre o total de persoas de máis de 15 anos que navegan por Internet)



O uso do galego na administración electrónica é mais común entre os homes (18,6%), os que internautas de 20 a 44 anos, os que teñen educación superior (20,8%), ingresos máis elevados (21%) e residen en concellos de menos de 10.000 habitantes (25,2%).


Novamente atopamos unha tendencia homoxénea no perfil dos usuarios do galego. As únicas excepcións son que cando se trata de escoller o idioma en webs con esa opción, destaca o uso cando o nivel educativo é maior e a idade un pouco máis nova e A Coruña tende a situarse na segunda posición, por diante de Ourense.

## 2.9 Uso do galego nas TIC: Lingua que usa na administración electrónica

### Persoas que utilizan máis galego que castelán na administración electrónica segundo as características socio demográficas


#### Segundo situación laboral

(% sobre o total de persoas de máis de 15 anos que navegan por Internet)




#### Segundo provincia de residencia

(% sobre o total de persoas de 15 e máis anos que navegan por Internet)




#### Segundo nivel de ingresos

(% sobre o total de persoas de 15 e máis anos que navegan por Internet)



#### Segundo tamaño do municipio de residencia


(% sobre o total de persoas de 15 e máis anos que navegan por Internet)



## 2.10 Uso do galego nas TIC: Preferencias da poboación


### Gustaríalle que houboese máis contidos en galego para navegar por internet

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que navegan por Internet)



### Gustaríalle que houboese máis contidos audiovisuais en galego para ver en plataformas gratuítas ou de pago

(% sobre o total de persoas de 16 e máis que ven contidos audiovisuais a través de internet en plataformas gratuítas ou de pago)



Máis da metade dos internautas galegos sinalan que lles gustaría que houboese máis contidos galegos para navegar por internet e mesmo ocorre entre os internautas que consumen contidos audiovisuais.


Estes datos descubren unha necesidade que condiciona o uso do galego nas TIC: sen oferta non se pode fomentarse o uso.

Esta necesidade, como pode apreciarse nas seguintes páxinas é por igual segundo as características socio demográficas na poboación.


## 2.10 Uso do galego nas TIC: Preferencias da poboación

Persoas que as que lle gustaría que houbese máis contidos en galego para navegar por internet segundo as características socio demográficas


Segundo xénero



Segundo nivel de estudos



Segundo idade



A demanda de recursos en galego na web presenta tendencias similares ao resto de indicadores pero con diferenzas máis pequenas: a demanda é maior entre os homes, a xuventude, maior nivel de estudos, concellos pequenos e fogares con máis ingresos.


Onde varía a tendencia é por provincias, xa que a demanda de máis galego é practicamente idéntica en A Coruña, Lugo e Ourense.

## 2.10 Uso do galego nas TIC: Preferencias da poboación

Persoas que as que lle gustaría que houbo máis contidos en galego para navegar por internet segundo as características socio demográficas


### Segundo situación laboral

(% sobre o total de persoas de máis de 16 anos que navegan por Internet)




### Segundo provincia de residencia

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que navegan por Internet)




### Segundo nivel de ingresos

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que navegan por Internet)



### Segundo tamaño do municipio de residencia


(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que navegan por Internet)




## 2.10 Uso do galego nas TIC: Preferencias da poboación

Persoas que as que lle gustaría que houbese máis contidos audiovisuais en galego para ver en plataformas gratuítas ou de pago segundo as características socio demográficas


### Segundo xénero



### Segundo idade



### Segundo nivel de estudos



A demanda de recursos en galego en contidos audiovisuais na rede tamén presenta tendencias similares ao resto de indicadores pero en xeral con diferenzas máis pequenas: neste caso a excepción é a idade, onde vemos como a xente de máis idade iguala practicamente a demanda de máis contidos en galego sobre os novos.


De novo vemos como por provincias, a demanda de máis galego é practicamente idéntica en A Coruña, Lugo e Ourense.

## 2.10 Uso do galego nas TIC: Preferencias da poboación

Persoas que as que lle gustaría que houbese máis contidos audiovisuais en galego para ver en plataformas gratuítas ou de pago segundo as características socio demográficas


### Segundo situación laboral

(% sobre o total de persoas de máis de 16 anos que ven contidos audiovisuais a través de internet en plataformas gratuítas ou de pago)




### Segundo provincia de residencia

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que ven contidos audiovisuais a través de internet en plataformas gratuítas ou de pago)




### Segundo nivel de ingresos

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que ven contidos audiovisuais a través de internet en plataformas gratuítas ou de pago)



### Segundo tamaño do municipio de residencia

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que ven contidos audiovisuais a través de internet en plataformas gratuítas ou de pago)





### 3. Conclusiones

# Conclusións

## TENDENCIAS

O uso do galego entre os internautas galegos para navegar por internet tivo un crecemento relativo do 31,4% nos últimos cinco anos acadando o 6,7% no 2023.

O uso do galego está máis presente cando se pode elixir o idioma de acceso a navegación (18,1%), comunicarse coa administración electrónica (17,7%) e na participación nas redes sociais (17,4%).

O uso do galego para ver contidos audiovisuais a través de Internet é so utilizado polo 3,4% da poboación galega de 15 e máis anos que navegan por Internet, este feito está en estreita relación coa dispoñibilidade de contidos na nosa lingua a través destas plataformas.

## DEBILIDADES

Na maioría dos indicadores a presenza do idioma é anecdótica ou residual, pero se analizamos os contidos dispoñibles na internet vinculados ao eido profesional ou empresarial, poden resultar insuficientes para poder exercer a panca necesaria para que o uso do galego esténdase.



## RECURSOS DISPOÑIBLES

As capacidades dixitais relacionadas coa Comunicación e Colaboración son as máis estendidas entre a poboación galega segundo o informe de Competencias Dixitais no ano 2023 elaborado polo o OSIMGA de aí que se poida traballar coa unha boa base para o incremento do uso da lingua galega.

A poboación de 20 a 44 anos é a que presenta maior uso do galego na web, polo que non se pode considerar que estea en declive xeracional.

## PERSPECTIVA DE CRECEMENTO

Cando o internauta dispoñe do recurso para poder interactuar na lingua galega, é máis probable que utilice o galego na súas interaccións, e moito máis se é galego falante.

No paso dos anos Internet volveuse omnipresente nas nosas vidas, tanto no ámbito persoal como profesional, por iso é imprescindible que este medio se configure como un trampolín para que o uso do galego medre co paso dos anos.



AXENCIA PARA A  
MODERNIZACIÓN  
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO  
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN  
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA